

CALENDARIO DA ACTIVIDADE NO CENTRO curso 2022-23

Calendario de inicio de curso

- As actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, ambos inclusive.

Calendario de final de curso

- A actividade lectiva previa á avaliación final ordinaria desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 12 de maio, inclusive.
- A avaliación final ordinaria, de ambos os dous graos, elemental e profesional, desenvolverase entre o 15 e o 18 de maio. (comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 18 de maio).
- No caso do alumnado matriculado no sexto curso do grao profesional e/ou que estea a cursar o segundo curso do bacharelato, a avaliación das materias cursadas no plan de estudos do conservatorio profesional poderá adiantarse.
- As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 19 de maio.
- A proba extraordinaria será organizada polos centros educativos, e levarase a cabo entre o 16 e o 21 de xuño.